

**RESUMO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 16 DE MARZO DE 2015.**

**1º.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES.**

Apróbase as actas das sesión do 27 de xaneiro e do 25 de febreiro de 2015

**2º.- ALTAS, BAIXAS E VARIACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

**2.1.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por Mª D.V.G..**

Dase conta do informe social de data 09 de marzo de 2015, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por Dª Mª D.V.G. e aprobase a citada alta no SAF

**2.2.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Libre Concorrenca, solicitado por Mª D.V.G.**

Dase conta do informe social de data 09 de marzo de 2015, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de libre concorrenca, solicitado por Dª Mª D.V.G. e acordase a citada alta.

**2.3.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por C.O.P.**

Dase conta do informe social de data 04 de marzo de 2015, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por Dª C.O.P. e acórdase a citada alta.

**2.4.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por Dª C.N.P.**

Dase conta do informe social de data 17 de febreiro de 2015, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por C.N.P. e acordase a citada alta

## **2.5.- Expedientes de solicitudes de comunicación de baixa no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia.**

Dase conta da comunicación da Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 02 de marzo de 2015, de baixas no SAF no programa de dependencia por pasamentos e traslados.

### **3º.- SOLICITUDE DE CAMBIO DE VEHÍCULO DA LICENZA DE AUTOMÓVILES DE SERVICIO PÚBLICO - TAXI, CLASE B, Nº 4**

Visto o escrito presentado por Dº R.F.C. , de data 12 de marzo de 2015, que expón que é titular da licenza municipal de servizo público de taxi nº 04, licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de febreiro de 2015, co vehículo marca RENAULT, matrícula 2591-DSB, e solicita autorización para o cambio de vehículo polo marca FORD, modelo C-MAX, matrícula 0966-HBJ.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

### **4º.- URBANISMO.**

#### **4.1.- Expediente de legalización e memoria de actividade de rehabilitación e ampliación de edificación dedicada a vivenda e restaurante, nas parcelas 577, 578 e 579 do polígono 5 da concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, lugar de Cotiño, parroquia de Lamela (Silleda), solicitado por PORTA DO SOL DE LAMELA, S.L.**

Vista a solicitude de licenza, presentada por PORTA DO SOL DE LAMELA, S.L., de data 14 de agosto de 2013, para rehabilitación e ampliación de edificación dedicada a vivenda e restaurante, nas parcelas 577, 578 e 579 do polígono 5 da concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, lugar de Cotiño, parroquia de Lamela (Silleda),

Visto o informe emitido o 13 de marzo de 2015 polo arquitecto técnico municipal

Visto o escrito do Ministerio de Fomento - Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, de data 18 de febreiro de 2015, en relación a este expediente

Visto que, pola Xefatura Territorial de Pontevedra - Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, remítese mediante escrito con Rexistro de Entrada nº 1075, de data 12 de marzo de 2015, resolución d2 2 de marzo de 2015 sobre a solicitude de autorización da comunidade autónoma en solo rústico para a rehabilitación dunha vivenda no lugar de Barravaite, nº 26, parroquia de Lamela (Silleda) -

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:**

PRIMEIRO: A concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o arquitecto no informe anteriormente transcrito, así como as indicadas polo Ministerio de Fomento e o Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, anteriormente transcritas, non podendo comenza a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade.

**4.2.- Solicitude de licenza de obra maior para rehabilitación de vivenda unifamiliar (B+1P), con emprazamento en Vila Vella, nº 4, parroquia de O Castro (Silleda), parcela nº 128 do polígono 2 da concentración parcelaria de O Castro-Ponte, presentada por Dº D.F.S..**

Visto que por Dº D.F.S., preséntase solicitude de licenza de obra maior de data 21 de febreiro de 2014) para rehabilitación de vivenda unifamiliar (B+1P), con emprazamento en Vila Vella, nº 4, parroquia de O Castro (Silleda), parcela nº 128 do polígono 2 da concentración parcelaria de O Castro-Ponte,

Vistos os informes técnicos de data 12 de marzo de 2014  
).

Visto que remitido o expediente a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por este organismo infórmase que “unha vez revisada a documentación remitida, non procede informar ata que urbanísticamente sexa viable a actuación, debido á posible modificación dos parámetros urbanísticos”.

Visto que non houbo modificacións dos parámetros urbanísticos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da licenza de obra solicitada.

#### **4.3.- Actividade de Clínica de Fisioterapia con comunicación previa, na praza Mestre Mateo (Silleda), solicitado por R.G.S.**

Vista a solicitude presentada por R.G.S. de data 11 de novembro de 2014, para a acondicionamento de local para destinalo a clínica de fisioterapia, actividade con comunicación previa, na praza Mestre Mateo, s/n baixo (Silleda)

Visto o informe técnico emitido o 03 de marzo de 2015  
Acórdase conceder a licenza solicitada, condicionada a presentación da documentación sinalada no informe técnico, **así como quedar enterada desta comunicación previa** notificándollo ó interesado.

#### **4.4.- Actividade para academia de idiomas con comunicación previa, na rúa Cartaxena, nº 3 (Silleda), solicitado por Dª M.F.S.**

Vista a solicitude presentada por M.F.S. en data 08 de xaneiro de 2015, para a acondicionamento de local existente para adicalo a academia de idiomas, actividade con comunicación previa, na RÚA Cartaxena, nº 3 (Silleda),

Visto o informe técnico de data 9 de marzo de 2015

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda**

Conceder a licenza de obra solicitada, condicionada a presentación da documentación sinalada no informe técnico, así como quedar enterada desta comunicación previa notificándollo ó interesado.

**4.5.- Solicitud de licenza de obra maior para construción de alpendre destinado a labores agrícolas, con emprazamento no lugar de O Curro, parroquia de Cira (Silleda), referencia catastral 36052P50400474000DQ, presentada por Dº R.M.C.**

Visto que por Dº R.M.C. L preséntase solicitude de licenza de obra maior (de data 28 de agosto de 2013 para construción de alpendre destinado a labores agrícolas, con emprazamento no lugar de O Curro, parroquia de Cira (Silleda),

Visto o informe técnico de data a 05 de setembro de 2014

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da licenza de obra solicitada.**

**5º.- APROBACION DAS BASES REGULADORAS DA CONCESION DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURALES E DEPORTIVAS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación da as seguintes bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades Deportivas e Culturais do ano 2015